

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES

CURSO: 6º

MATERIA: INGLÉS

DEPARTAMENTO: INGLÉS

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

PERFIL DE ÁREA				
Área:		PLE		
Nivel	Área	Estándares	Criterios de avaliación	C. C.
6º	PLE	6º-PLEB1.1-Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	***Comprender anuncios publicitarios (moi simples) sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB1.2-Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	***Comprender mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información moi simple e breve (por exemplo, números, prezos, horarios,..).	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB1.3-Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	***Entender o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	CCL CAA CSC
6º	PLE	6º-PLEB1.4-Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	***Identificar o tema dunha conversa cotiá moi breve e predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren) con axuda .	CCL CAA CSC
6º	PLE	6º-PLEB1.5-Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	***Entender a información esencial en conversas moi breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	CCL CAA CSC
6º	PLE	6º-PLEB1.6-Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	***Comprender as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	CAA
6º	PLE	6º-PLEB2.1-Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto;	***Facer presentacións moi breves e moi sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, ; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un	CCL CAA

		presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	tema ,dicir o que lle gusta e non lle gusta usando estruturas sinxelas de xeito comprensible	
6º	PLE	6º-PLEB3.1-Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos	***Comprender instrucións, indicacións, e información moi básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB3.2-Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	***Comprender información esencial e localizar información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios,publicidade, etc.	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB3.3-Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.	***Comprender correspondencia (postais e tarxetas) moi breve e moi sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB3.4-Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	***Comprender o esencial e os puntos principais de noticias moi breves e artigos moi simples de revistas para mozas e mozos que traten temas que sexan do seu interese	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB3.5-Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	***Comprender o esencial de historias breves e ben estruturadas e identificar os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	CCL CAA
6º	PLE	6º-PLEB3.6-Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).	***Empregar de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).	CCL
6º	PLE	6º-PLEB4.1-Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	***.Completar un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CCL CD CAA

6º	PLE	6º-PLEB5.1-Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	***Entendre a información esencial en conversas moi breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	CCL CAA CSC
6º	PLE	6º-PLEB5.2-Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	***Desenvolverse en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	CCL CAA CSC
6º	PLE	6º-PLEB5.3-Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	***Participar en conversas breves cara a cara nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, presentarse, felicitar a alguén),	CCL CD CSC
6º	PLE	6º-PLEB5.4-Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.	***Participar nunha entrevista, p. e. médica nomeando algunhas partes do corpo para indicar o que lle doe con axuda do profesor..	CCL CSC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Listas de cotexo - Entrega de tarefas por parte do alumnado, tendo en conta as dificultades técnicas dalgunhas familias. - Análise das producións dos alumnos/as. - Participación en asembleas webex (cando sexa posible)
	<p>Instrumentos:</p> <p>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados.</p> <p>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>
Cualificación final	<p>En relación á 3ª avaliación e a avaliación final, o noso centro parte das seguintes premisas:</p> <p><u>3ª Avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Adaptación da programación para o 3º trimestre. - Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación. <p>A partir disto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -<u>Alumnado coa media suspensa</u>: Poderá optar ao aprobado na área presentando as tarefas propostas polo profesorado. -<u>Alumnado coa media aprobada</u>: Poderá optar a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado. <p><u>Avaliación final</u></p> <p>A cualificación final será a media das tres avaliacións.</p> <p>O profesorado fará un seguimento e avaliación das tarefas deste trimestre co fin de preparar o informe individual de cada alumno e alumna. Esta avaliación terá carácter diagnóstico</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Terase en conta o esforzo na realización e entrega das tarefas propostas, así coma a actitude positiva ante as mesmas.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Partirase da nota resultante da media do 1º e 2º Trimestre. Non poderá baixarse nunca.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e

	<p>repasso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.- Análise de producións e traballos.- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible).- Uso de TIC (sempre que sexa posible). <p>Instrumentos:</p> <p>Alumnado: Actividades e traballos realizados</p> <p>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades do terceiro trimestre están enfocadas no reforzo das catro habilidades que son necesarias para comunicarnos de forma clara e completa nun idioma.</p> <p>Semanal ou quincenalmente, depende do grao de dificultade, propoño actividades que teñen como obxectivo o repaso e reforzo dos distintos bloques Didácticas traballados durante o primeiro e o segundo trimestre.</p> <p>As actividades propostas son normalmente vídeos para que continúen reforzando a expresión oral, xogos e actividades on line, algunhas delas con autocorrección inmediata, e fichas descargables ou interactivas para que continúen reforzando a expresión escrita, e os contidos gramaticais dados.</p> <p>Poderase propoñer, se fose necesario, actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que precise afianzar os contidos máis básicos, así como actividades de ampliación dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre para consolidar os coñecementos dados, dirixidas ao alumnado máis avantaxado, tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será activa, participativa e inclusiva partindo dos seus coñecementos previos e potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).</p> <p>Contacto co alumnado a través de correo electrónico, páxina web, abalar, plataforma webex, para solucionar dudas, recibir tarefas remitidas a través da páxina web</p> <p>Tentarase desenvolver no alumnado as estratexias de planificación, correcta realización e revisión/autocorrección.</p> <p>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.</p> <p>As videoconferencias non son unha opción para a docencia, pero si unha posibilidade de comunicación e contacto coas nenas e cos nenos.</p> <p>As propostas de tarefas faranse a través da páxina web do centro e do blog de 6º principalmente, empregando tamén outros medios cando este non é posible (correo electrónico e teléfono).</p> <p>Tentarase desenvolver no alumnado as estratexias de planificación, correcta realización e revisión/autocorrección.</p> <p><u>Con conectividade:</u></p>

	<p>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</p> <p>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.</p> <p>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando materiais como libros de texto e fichas.</p> <p><u>Sen conectividade:</u></p> <p>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</p> <p>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios (utilizando materiais como libros de texto e fichas).</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>- Recursos materiais: actividades descargables, actividades deseñadas polas mestras.</p> <p>- Recursos dixitais: páxinas webs, vídeos, fichas interactivas, kahoots.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Abalar Móbil- Email- Teléfono en casos excepcionais.- Páxina web
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.